



FORU SOCIAL IBÉRICU POLA EDUCACIÓN
FORO SOCIAL IBÉRICO POR LA EDUCACIÓN
FÒRUM SOCIAL IBÉRIC PER L'EDUCACIÓ
HEZKUNTZAREN ALDEKO IBERIAR FORÓ SOZIALA
FORO SOCIAL IBÉRICO POLA EDUCACIÓN
FÒRUM SOCIAL IBÉRICO PARA A EDUCAÇÃO

MESA DE DIÁLOGOS 2 – 30 de octubre de 2005 - 12 a 14h

SITUACIÓN Y RETOS DE LOS SISTEMAS EDUCATIVOS EN PORTUGAL Y EN EL ESTADO ESPAÑOL:

Rep. estudiantes Portugal; Mario Nogueira (Coordinador do Sindicato de Professores do Centro); Beatriz Quirós (STEs-INTERSINDICAL); Anxo Louzao (CIG); *Moderadora: Alexandra Marques (APEI); Relatora: Blanca Luque (Fòrum Social per l'Educació a Catalunya)*

1. SITUACIÓN E RETOS DO SISTEMA EDUCATIVO NO ESTADO ESPAÑOL

Anxo Louzao

Antes de analizar a situación e os retos do sistema educativo no Estado Español, concretado en Galiza, pode ser clarificador para coñecer as motivacións das políticas educativas botar un vistazo ao actual panorama mundial. En primeiro lugar, constatar que o actual panorama internacional, tanto no ámbito económico, social e político está sometido e dominado por políticas neoliberais. A globalización, o imperialismo dos nosos tempos, inunda todos os espazos e ámbitos da vida. Hoxe, o capital transnacional, fundamentalmente o financeiro, ten á súa disposición os organismos internacionais como son o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a Organización Mundial do Comercio, o cal inclúe o ensino entre os servizos que deberían liberalizarse para expandir a súa ideoloxía e aumentar a súa influencia.

O neoliberalismo ten fixados diferentes mecanismos para ir asentando a súa ideoloxía nos diferentes ámbitos. Son principios inherentes a este modelo, a mercantilización, a privatización, a desregularización, a redución do gasto social, o recorte dos servizos públicos e sociais e tamén a uniformización e a persecución a todo tipo de discrepancia. A educación négaselle a máis de 115 millóns de nenos, especialmente nenas, que continúan sen estar escolarizados no mundo. Hoxe, o capitalismo neoliberal persegue recortar as conquistas sociais e os servizos básicos, incluída a educación. Así, o hibernado proxecto de tratado constitucional da Unión Europea pasa a denominar os servizos públicos como “servizos de interese económico xeral”; é dicir, deixan de ser servizos públicos de uso universal para mudarse en servizos baixo pautas mercantís.

Destes principios tamén participan algúns dos obxectivos marcados pola Unión Europea para o ano 2010. Así, por exemplo, contempla o dereito á educación permanente como unha responsabilidade entre o sector público e o privado ao apostar “por acordos de cofinanciamento para a participación nela”. Preténdense uns sistemas educativos nos que impere a competitividade, na que teñen que destacar as relacións dos centros educativos “cos empregadores para que os formadores se fagan unha idea das cualificacións que se necesitarán no futuro”. Así mesmo, dentro das conclusións do Cumio de Lisboa afirmase que “os sistemas educativos deberan brindar a oportunidade de adquirir cualificacións precisas para crear e dirixir un negocio e para que os centros

educativos e as institucións de formación desenvolvan as capacidades e o espírito de empresa das persoas ao longo de todo o proceso de educación e formación”.

Ao longo dos tempos, o poder establecido perseguiu a través dos sistemas educativos transmitir a súa ideoloxía e valores como elemento fundamental para perpetuarse no poder e anular a función transformadora e liberadora da educación. Hoxe, as políticas neoliberais trasladan aos sistemas educativos a competitividade, a liberalización, a concepción do ensino como unha mercadoría máis de consumo, só accesíbel para unha minoría, planificada, non en función das necesidades senón dos resultados, que soamente os máis favorecidos son capaces de acadar. Esta concepción mercantilista, por riba, está trucada, pois para que funcione a lei da oferta e da demanda primeiro hai que subvencionar o ensino privado, permitirlle idearios de centro. Centros á carta para uns poucos pero pagados por todos.

Non sería apropiado sacar consecuencias determinantes das necesidades que ten o ensino en Galiza en base a resultados do Informe Pisa. Mais o que si parece concluínte é que os sistemas educativos que son maioritariamente públicos, que son máis equitativos e contan con maior investimento, son os mellor parados neste Informe. De aí que as conclusións deste teñen que implicar unha chamada de atención tanto ao goberno do Estado como ao de Galiza.

É neste contexto onde temos que inserir a situación do sistema educativo do Estado Español. Na Galiza o modelo educativo do PP durante a etapa Fraga estivo en total sintonía cos postulados de procurar sistemas educativos máis privatizadores, selectivos e clasistas, restrinxindo o acceso aos servizos públicos ás clases sociais máis desfavorecidas.

Non debemos perder de vista que **o actual modelo educativo do Estado nace condicionado polo pacto constitucional do ano 1978, que recolle entre outras cuestións a “liberdade de ensinanza”, “o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban formación relixiosa e moral” e a “liberdade de creación de centros”**. É constatábel como todos os proxectos educativos dos diferentes gobernos do Estado e de Galiza non só foron respectuosos con estes principios, senón, e aquí está o máis grave, asumiron na súa totalidade os postulados da patronal, fundamentalmente eclesiástica, que fraudulentamente pretenden confundir “liberdade de ensinanza” con confesionalidade, concertación e financiación xeralizada en todos os niveis educativos. Así, na lei de Cualificacións e de Formación Profesional e no actual proxecto de LOE continúaase avanzando na privatización e na financiación do ensino privado ao fixar a posibilidade de concertar e subvencionar todos os niveis do ensino obrigatorio e postobligatorio. Confúndese intencionadamente gratuidade da Educación Infantil con financiación da privada. A maioría, por non dicir a súa totalidade, do orzamento que está previsto destinar para esta etapa na memoria de financiamento da LOE vai dirixido á gratuidade desta nos centros privados.

Outro dos sinais de identidade do modelo educativo aplicado por diferentes gobernos do Estado foi a visión centralista e uniformizadora do mesmo, nuns casos restrinxindo e noutros invadindo as xa por si cativas competencias coas que contamos e sempre negando as diferentes identidades nacionais do Estado Español. Neste sentido, o proxecto da LOE, aínda significando un pequeno avance en relación coa LOCE, continúa sen ser unha lei de bases e nin sequera contempla transferir cuestións como a

concesión das bolsas de estudos; a fixación do número de días lectivos, a avaliación do sistema educativo, a composición e competencias dos órganos colexiados, o sistema de elección dos cargos directivos, os criterios de admisión de alumnos, etc. A Alta Inspección continúa con demasiadas prerrogativas, usurpando atribucións e funcións que deberían corresponderlle ás diferentes administracións educativas. Exclúense as linguas distintas do español do estudo como lingua estranxeira nas Escolas Oficiais de Idiomas e mesmo o goberno ten a posibilidade de elaborar plans de formación do profesorado para todo o Estado.

A memoria económica presentada para financiar a futura LOE vén amosar que en lugar de satisfacer a débeda histórica que en materia de educación ten o Estado con Galiza, esta vaise ver acrecentada. Trátase dunha proposta de financiamento totalmente insuficiente se temos en conta que nin sequera alcanza a media dos países da Unión Europea e da CEOE. Mentres a media dos países da CEOE está no 5,9%, o Estado Español invirte en educación só o 4,9% do PIB. Moi distante de acadar o 6% que vimos reclamando e, por riba, no financiamento previsto Galiza terá que asumir aproximadamente o 45%, malia non ter autonomía financeira. Non hai reforma posíbel se esta non se asenta nunha financiación suficiente. Sen máis recursos e profesorado para o ensino público non é factíbel avanzar e mellorar na calidade do ensino, estender a gratuidade a todos e todas nin frear o fracaso escolar.

Un dos principios ms que se ten que sustentar a educación é na democratización de toda a súa xestión e na incentivación á participación, excluindo concepcións xerárquicas e autoritarias propias do organigrama da empresa privada. O actual proxecto de LOE opta, modificado por pequenos matices, polo modelo xa contemplado na LOCE, en lugar de apostar por unha xestión participativa para que todo o profesorado interveña na vida interna, académica e nas decisións do centro. A elección democrática de todos os cargos directivos, aos cales debe poder optar calquera profesor/a do centro sen ningún tipo de traba ou concurso, é un dereito irrenunciábel. Mención especial, por grave, é a elección por libre designación dos cargos directivos dos centros integrados de Formación Profesional.

Os cambios propostos na LOE respecto á LOCE sobre a valorización do profesorado son imperceptíbeis, por non dicir inexistentes. Prevese unha maior xerarquización innecesaria ao crear novas categorías mediante diferenzas retributivas que estarán ligadas á avaliación do noso traballo ou a outros méritos subxectivos ao alcance duns poucos. Recupéranse vellos conceptos como o de “carreira docente”, masivamente detestado polo profesorado, que se alimentará na avaliación da función docente, na que participará a comunidade escolar. Se a isto lle engadimos a creación do corpo de catedráticos, ao que se lle reserva unha serie de funcións e prerrogativas que hoxe son comúns a todo o profesorado de Secundaria, o resultado final é claro: só unha minoría do profesorado terá garantizadas mellores condicións de traballo e maior recoñecemento profesional e social.

O proxecto da LOE alónxase de ser unha lei de bases que trasladase a potestade legislativa e de ordenación educativa ás diferentes nacións do Estado, entre elas Galiza, cando a futura LOE, se estiveramos nun Estado realmente descentralizado, soamente debere fixar as aptitudes e capacidades que o alumnado debe acadar en cada nivel. O mesmo podemos dicir do actual marco legislativo de Formación Profesional que continúa negando a transferencia ás administracións autonómicas das competencias

referidas á Formación Continua para abordar a integración dos tres subsistemas. Non se pretende, nin moito menos, emprender unha reforma educativa do actual corpus legislativo educativo que aborde os cambios necesarios para garantir o acceso á educación na rede pública ao conxunto dos cidadáns e cidadás, desterrando a privatización crecente, mellorando as condicións de traballo do profesorado, asumindo a xestión democrática dos centros e a laicidade da educación. Para a CIG unicamente se pode falar de reforma educativa e con posibilidade de futuro se se acepta e recoñece a pluralidade nacional e lingüística do Estado Español, se asume a defensa dun ensino público de calidade, democrático e laico e se recoñece a función docente, tendo en conta as reivindicacións máis importantes do profesorado.

O sistema educativo galego é protagonista da aculturalización que a escola está producindo no alumnado galego. Hoxe, despois de máis de 25 anos de Estatuto de Autonomía e de 23 de Lei de Normalización, a educación na Galiza persevera na súa función españolizadora. O desleixo e a negativa dos gobernos do PP a activar medidas normalizadoras e mesmamente a cumprir a normativa en materia de normalización que ela mesma aprobara, implicou, por exemplo, que sexa maior o número de alumnos/as que entra falando galego cando se escolariza que cando abandona a escola. Hoxe na Galiza persiste o conculcamento do dereito do alumnado, recollido en toda a lexislación lingüística internacional, de ser escolarizado na lingua propia, mesmamente aquel que ten como única lingua o galego.

A lingua vehicular moi maioritaria neste momento na escola é, sen lugar a dúbidas, o español, pois nin sequera un tercio do alumnado emprega o galego nas súas relacións habituais. Isto explica que a actual xeración moza use o galego como lingua habitual nun 72% menos do que o facían os seus pais. Esta política antinormalizadora e de suplantación do idioma propio polo alleo ten a súa correlación coa desgaleguización de todos os niveis educativos, obrigatorios, non obrigatorios e universitarios.

Se por algo se caracteriza o actual deseño curricular oficial en Galiza é pola falta de sustantividade do que nos é propio e nos identifica como pobo. Disto dan boa mostra os libros de texto de Historia que, agás honrosas excepcións, limítanse a traducir ao galego os manuais editados para todo o Estado e engadir un “apéndice” da nosa historia que supón entre un 5 e un 10% dos contidos. Esta é toda a bagaxe de “nacionalismo exasperado” na que no seu día diferentes institucións, incluída a Academia de Historia, basearon toda unha campaña con motivacións políticas e ideolóxicas para reafirmarse na visión reaccionaria e acientífica dunha historia harmónica e única para todo o Estado. **A educación en Galiza persiste no seu papel colonizador e alienador en lugar de actuar como o motor de transformación e emancipación.** A educación en Galiza permanece de costas á nosa realidade. A nosa identidade, a nosa historia, todo o noso patrimonio cultural, artístico, lúdico, etnográfico, etc. é en grande medida alleo á escola.

Cómpre invertir a situación para podermos configurar un sistema educativo alicerzado nun deseño curricular inserido na nosa realidade histórica, social e cultural, que asuma a nosa identidade como un valor e un dereito que nos asiste como galegos e galegas a podermos estudar, formarnos e informarnos de todo o que nos conforma como pobo, na propia lingua sen deformacións nin terxiversacións, como única maneira de contribuir á formación de cidadáns e cidadás libres. Para iso é urxente reducir e modificar os actuais currículos, pois de pouco nos vale que teñamos

atribucións para fixar o 45% do currículo escolar se as ensinanzas mínimas abarcan a maioría da carga lectiva, como está a suceder agora.

O apoio decidido ao ensino privado, moi en consonancia coa ideoloxía privatizadora do PP, conlevou que Galiza fose dos pioneiros en financiar o ensino infantil con cantidades que hoxe superan os 20 millóns de euros, arroupando un modelo educativo excluín-te, de valores reaccionarios e ausente de pluralismo, que restrinxen os dereitos do profesorado e impide, nalgúns casos, a escolarización mixta. Cabe tamén destacar as prácticas encamiñadas a desbancar o ensino público dos lugares máis apetecíbeis e rendíbeis para o ensino privado, permitir o cobro irregular ás familias dos centros concertados; seleccionar o alumnado, etc. Por iso hoxe 5 das 7 cidades galegas teñan máis alumnado de infantil e de ensino obrigatorio escolarizado en centros privados concertados que nos públicos. Todo isto afianzado pola actual lexislación que lle permite establecer o seu ideario de centro.

As partidas destinadas a subvencionar o ensino privado acrecentáronse nun 421% desde hai 15 anos e hoxe a súa financiación en Galiza supera os 198 millóns de euros, dos cales 41 millóns correspóndenlle a niveis de ensino non obrigatorio. O 12% do orzamento da Consellaría de Educación do ano 2005 foi para subvencionar a escola privada e supuxo un incremento do 10,3% respecto ao exercicio anterior, mentres que os propios orzamentos da Consellaría só medraron un 6,01%. Isto contrasta con que na actualidade o alumnado de moitas unidades concertadas podería ser absorbido polos centros públicos cercanos ou que nos últimos 7 anos se suprimiron 1.263 unidades de centros públicos e soamente 32 nos concertados.

Quizais sexa a nosa profesión unha das que en maior medida foi perdendo recoñecemento e valorización social, reforzada pola desatención que a Administración educativa de Galiza e a do Estado tivo e ten co noso traballo. A desconsideración, a pesar de que temos que asumir novas responsabilidades, impartir novas áreas e niveis educativos diferentes sen a formación adecuada, sufrir a mobilidade e a provisionalidade, contrasta, por exemplo, con que o salario do profesorado galego perdeu nos últimos 10 anos máis do 20% de poder adquisitivo e con que levemos moitos anos sendo os peor pagados do Estado. Sen lugar a dúbidas, que o noso traballo non sexa recoñecido pola sociedade nin pola Administración educativa axuda á frustración e á desmotivación. Cada día valórase de maneira desmesurada o traballo burocrático fronte ao traballo na aula e non obstante, as medidas previstas continúan apuntando a unha maior estratificación, afastándonos cada vez máis de todo o que signifique camiñar cara ao corpo único de ensinantes.

Soamente se pode legislar a favor dunha maior calidade do ensino se tamén se legisla para favorecer e recoñecer a importancia do traballo docente a todo o profesorado. Por iso é necesario introducir grandes cambios que, desde o noso punto de vista pasan, entre outros, por resolver a situación de precariedade laboral do profesorado interino e substituído mediante un compromiso de estabilidade e un acceso específico e diferenciado á función pública. Para a CIG-Ensino o recoñecemento e importancia social do noso traballo ten que vir precedido, entre outras cuestións: do dereito á formación dentro do horario lectivo, de mellorar as nosas condicións de traballo, de reducir o horario lectivo sen merma retributiva aos maiores de 55 anos, do dereito indefinido á xubilación anticipada, da mellora das nosas retribucións, do dereito á negociación colectiva, etc.

O dereito á formación permanente e a unha formación inicial equivalente a licenciatura están, por obvio que pareza, sen acadar, malia as múltiples declaracións de que a función docente hoxe necesita maior esforzo, máis dedicación e mellor formación. En Galiza o incremento dos orzamentos destinados á actualización do profesorado nestes 15 anos nunca alcanzou o IPC. A actual formación do profesorado galego dista moito de facer realidade o dereito a que a nosa formación e actualización debe abarcar desde a formación inicial até a xubilación.

O longo período de goberno do Partido Popular na Galiza impediu que se fixaran as bases para asentar un sistema educativo galego capaz de acrecentar e sustentar un ensino público que actuara de maneira decidida contra a discriminación e a desigualdade de oportunidades. Que a educación pública non foi unha prioridade para o PP en Galiza evidénciase ao comprobar como os últimos orzamentos da Consellaría de Educación nin sequera medraron na mesma proporción que os do goberno galego (mentres estes medraban un 11,60%, os da Consellaría de Educación facíanos só nun 6,01%). Durante todos estes anos careceuse absolutamente de políticas tendentes a facer da educación en Galiza un servizo público de calidade. Así, por exemplo, soamente 373 centros dun total de 1.200 que imparten Infantil e/ou Primaria teñen servizo de comedor ou que soamente 66.250 alumnos/as dun total de 242.226 teñen dereito a este servizo. O orzamento para o funcionamento dos comedores reduciuse nun 4,32% desde o ano 2001. Os centros de Infantil e/ou Primaria non teñen administrativos. A Administración educativa non financia ningunha actividade extraescolar e o alumnado repetidor non se ten en conta nas ratios para establecer os grupos.

Os reducidos cadros de persoal nos centros imposibilitan a atención á diversidade, a diversificación curricular, atender de maneira axeitada ao alumnado con necesidades educativas especiais, o reforzo das titorías, o establecemento dos desdobres, etc. Os recursos necesarios para o funcionamento dos centros véñense tamén de reducir e desactivouse calquera política educativa que perseguira a equidade e a xustiza social. Carécese de recursos e medios para superar e mellorar a taxa de escolarización. A despreocupación pola educación e o deseño dun mapa escolar descompensado e elaborado baixo criterios caciquís conleva que moito alumnado de Formación Profesional non poida estudar o ciclo formativo desexado, mentres é subvencionada a Formación Profesional privada con 12 millóns de euros. Todo isto explica que Galiza nin sequera alcance a media do Estado Español en gasto educativo non universitario: o 18,22% fronte á media do Estado, que é o 18,93%. Nos estudos postobrigatorios, a media dos que realizan estes estudos no Estado Español sitúase no 38,5% e en Galiza só alcanza o 32,2%. Ocupamos o cuarto territorio con máis poboación sen estudos universitarios, alcanzando soamente o 10,6% de titulados/as universitarios. Tamén estamos por debaixo no gasto de I+D. Así, no ano 2003 o gasto en Galiza alcanzou só o 0,86% do PIB mentres que a media no Estado Español foi de 1,10% e a da Unión Europea do 1,93%.

É urxente proxectar un plano de actuación preferente para atallar o fracaso escolar (o 24,5% do alumnado galego non consegue o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e máis do 40% do alumnado de 15 anos ten repetido algún curso). Somos conscientes de que a marxinación social, as desigualdades sociais ou a procedencia cultural moitas veces ten que ver con este fracaso. Se a isto lle engadimos a relación causal que existe entre pouca inversión en educación con pouco rendemento

escolar, concluímos que a escola ten que facer un sobre esforzo para reducir o que se deu en chamar fracaso escolar. Hoxe o ámbito familiar e/ou procedencia social marca en grande medida tamén a formación e a aprendizaxe dos/das escolares. Por iso é urxente e necesario emprender diferentes medidas e estratexias que eviten que o ensino continúe na práctica sendo selectivo e clasista por diferentes vías. Moitas e diversas poden ser as propostas para combater de forma realista o fracaso escolar. A LOE, aínda podendo acertar no diagnóstico, “esquece” asumir propostas concretas. Sen lugar a dúbidas prever e avaliar as carencias para poder actuar sobre elas desde os primeiros días de escolarización é fundamental. A atención á diversidade debe ser abordada desde os inicios da escolarización con metodoloxía e estratexias adecuadas e efectivas, cun ensino máis personalizado e coas medidas de apoio e reforzo necesarias.

Medidas como a redución de alumnos por aula, reforzar a función titorial, desdobres das aulas cando sexan necesarios, fanse imprescindíbeis. Precísanse tamén as adaptacións curriculares, reforzar a Orientación escolar e dotar doutros perfís profesionais os centros (educadores sociais, asistentes sociais, mediadores sociais, etc.). A escola non pode dar as costas ás medidas compensatorias (entre as cales están as actividades extraescolares e servizos complementarios) destinadas a actuar contra as desigualdades familiares, xeográficas, sociais, que, sen lugar a dúbidas, afectan ao rendemento escolar. Na actualidade as actividades extraescolares están implicando grandes discriminacións no acceso a unha formación complementaria que cada vez é percibida como máis necesaria. O alumnado das familias máis desfavorecidas non pode acudir a este tipo de formación complementaria nin tampouco teñen medios para incidir contra o retraso escolar. Urxe emprender unha política expansiva de bolsas de estudo que facilite superar as diferencias económicas, familiares e sociais que impiden a igualdade de oportunidades, sen esquecernos do fundamental: dotar de máis profesorado os centros.

A equidade, a calidade, a dimensión social da educación, a determinación de procedementos para reducir o fracaso escolar, a programación de medidas para facer realidade a igualdade de oportunidades estiveron ausentes do sistema educativo galego. Nestes 16 anos de goberno de maioría absoluta do PP fóronse desmantelando paulatinamente as escolas do medio rural sen ningunha alternativa, a oferta de prazas escolares de 0 a 3 anos é inexistente no medio rural e totalmente insuficiente no medio urbano, a atención educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais ten grandes carencias e a oferta de Formación Profesional é desequilibrada e insuficiente.

Na Galiza vimos de desbancar un goberno de 16 anos de maioría absoluta, que fundamentou o seu programa educativo na privatización do ensino, no centralismo máis exacerbado, na confesionalidade e no abandono do ensino público. Un goberno de total entreguismo ao goberno central e sen conciencia de País, incapaz de elaborar unha lei de educación en Galiza para pór o ensino ao servizo da sociedade galega.

Está previsto que se abra un proceso de elaboración dun novo Estatuto para Galiza. É primordial que o resultado final supoña acadar un Estatuto acorde coa nación que somos e que signifique avanzar no autogoberno e, polo tanto, asumir competencias exclusivas no campo educativo para poder ordenar a educación e elaborar unha lei do sistema educativo galego co obxecto de poñer o ensino ao servizo da sociedade galega e que nos garanta o futuro e a cohesión como pobo.

En definitiva, os grandes retos da educación en Galiza pasan por configurar un sistema educativo propio, que facilite a inserción da escola na nosa realidade, vehiculizada no noso idioma. Un sistema educativo galego cunha única rede de ensino, público, laico, democrático, coeducativo, obrigatorio e totalmente gratuíto desde os 3 até os 16 anos, no horizonte dos 18 anos, e unha oferta suficiente de prazas no ciclo de 0 a 3 anos.

Unha educación que eduque na diversidade, para a igualdade e para a equidade; universalice os servizos complementarios; dote de profesorado e doutro persoal cualificado todos os centros públicos; reduza as ratios actuais. En definitiva, garanta a calidade do ensino para todos e todas. Un sistema educativo que, a través dun Estatuto Galego da Función Pública Docente valore o noso traballo, facilite a formación permanente e garanta melloras laborais e retributivas.

Unha educación que hoxe non sexa capaz de actuar positivamente contra as desigualdades, sexan estas da índole que sexan, non favoreza a inclusión, a integración e non eduque na diversidade está condenada ao fracaso. Somos conscientes de que a educación é a mellor e máis rendíbel inversión social de futuro de calquera país. Nesta nova etapa que se iniciou en Galiza coa configuración dun novo goberno bipartito, que era tan urxente como necesario, agardamos que e se abran camiños novos para mudar o País e a educación cumpra a función transformadora e galeguizadora que lle corresponde.

Santiago, outubro de 2005